



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Organización/Xestión de integrantes mandato 2023-2027

ANUNCIO

Expediente 2023/G005/000001

O 7 de marzo de 2025 ditouse o decreto 85/2025 que se transcribe a continuación:

Visto escrito con rexistro de entrada nº 477 en data 7/3/2025 presentado pola concelleira Susana Guimarey García no que se indica que presenta renuncia a acta de concelleira así como comunica cese como Teniente de Alcalde, membro de Xunta de goberno local e da delegación da Area de de Economía e Facenda , Réximen Interior , Recursos Humanos e Seguridade cidadana do Concello de Carral con data de efectos do próximo día 10/3/2025 area que lle foi delegada por resolución de 30/6/2023 decreto nº 366/2023 e que por acordo plenario de data 29/6/2023 ten aparelada unha dedicación parcial.

Vista a regulación do RD 2568/1986 de 28 de novembro , sen prexuízo de toma de coñecemento da renuncia a acta como concelleira polo Pleno municipal no prazo máximo de 10 días hábiles, en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do escrito indicado nas consideracións deste decreto polo que a concelleira Susana Guimarey García en relación o seu cese como Teniente de Alcalde, membro de Xunta de goberno local e da delegación da Area de de Economía e Facenda , Réximen Interior , Recursos Humanos e Seguridade cidadana do Concello de Carral con data de efectos do próximo día 10/3/2025.

SEGUNDO.- Declarar extinguida a súa dedicación parcial procedendose polos Departamentos competentes a realización de tódolos trámites necesarios para a efectividade do cese solicitado .

TERCEIRO.- Quedando dende o 10/3/2025 sen efecto á delegación realizada por decreto 30/6/2023 decreto nº 366/2023 sendo as atribucións e facultades de dita área asumidas por esta Alcaldía.

CUARTO.- Dar conta no Pleno na vindeira sesión que celebre así como proceder á publicación deste decreto no BOP no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia deste Concello.

Carral, 10 de marzo de 2025

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2025/1538



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CARRAL

Organización/ Xestión de integrantes mandato 2023-2027

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2023/G005/000001

Por resolución ditada en data 16 de outubro de 2024, Decreto nº 413/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

PRIMEIRO.-Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as, alterando a orde do decreto que consta nos considerandos deste :

- 1º.-Dona Rocío Rabuñal Bouzas
- 2º.-Dona Susana Guimarey García.
- 3º.- Dona Inmaculada Mantiñán Ínsua

SEGUNDO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos/ás designados/as (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta resolución.

TERCEIRO .-Dar conta deste decreto ao Pleno do Concello na primeira sesión que se realice en cumprimento do establecido no artigo 38 ROF.

Concello de Carral, 16 de outubro de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/7345



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Nomeamento tenentes de alcalde do Concello de Carral

ANUNCIO

NOMEAMENTO

Por resolución dictada en data 19 de xuño de 2023, Decreto n.º 335/2023, o Sr. Alcalde acordou Nomear Tenentes de Alcalde aos /ás seguintes Señores/as Concelleiros/as, coa orde de nomeamento que se indica:

1º.-Dona Susana Guimarey García.

2º.-Don Francisco Javier Bello Hermida.

3º.- Don Javier Lendoiro Santos.

O que se publica en cumprimento do disposto.

Carral, 20 de xuño de 2023

A Tenente Alcalde

Asdo.Susana Guimarey García

2023/5134



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Revocación delegacións e modificación composición xunta de goberno e nomeamento de tenentes de alcalde

ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2023/X999/000175

Por resolución ditada en data 30 de agosto de 2024, Decreto nº 347/2024, o Sr. Alcalde resolveu :

PRIMEIRO.- Revogar a delegación de competencias aprobada por resolución 366/2023 da área de Cultura, Deportes, Xuventude, Participación Cidadá e Protección Civil no concelleiro Don Francisco Javier Bello Hermida así como deixar sen efecto o seu nomeamento como 2º Tenente de Alcalde e membro da Xunta de goberno local, todo isto a partir del 31/8/2024 .

SEGUNDO.- Notificar este decreto ó concelleiro D. Francisco Javier Bello Hermida en cumprimento do establecido no artigo 114.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Trasladar os servizos administrativos encargados da xestión de nóminas e seguridade social a baixa do concelleiro na seguridade social por estar desempeñando cargo con dedicación exclusiva , a partir do 31/8/2024. Trasladar este decreto ós departamentos municipais de deportes, xuventude , participación cidadá e protección civil para o seu coñecemento aos efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, 30 de agosto de 2024

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/6151